

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 17 DE FEBREIRO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de febreiro de dous mil vinte; as trece horas e cincuenta e dous minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros: Dona María Luz Expósito Pérez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Clara Loeda Soto.

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

Fica aprobada.

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.**

-Escrito de don Juan Francisco Rodríguez Fernández , con número de rexistro de entrada no concello número 648 de 3 de febreiro de 2020, no que solicita a devolución do aval presentado pola urbanización exterior da obra realizada en estrada de Filgueira 12, Francelos, por ter realizada a urbanización tal como indicaron os técnicos.

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal de data 11 de febreiro de 2020 no que se indica:

“ A devolución do aval relativo á urbanización exterior da parcela está condicionada á concesión da licenza de primeira ocupación da edificación, para o que deberá presentarse o correspondente Certificado Final de Obra, asinado polos técnicos directores , no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada, segundo o artigo 143.2. 4 da Lei 272016 do solo de Galicia.

Así mesmo, deberá procederse á cesión ó concello dos terreos para incorporar ó vial público, segundo o Estudo do Estudo de Detalle Reaxuste Aliñación Travesía Francelos, e que se sinalaron no Plano nº 19. Saneamento e Urbanización, asinado polos mesmos técnicos redactores do Proxecto e con visadode data 31 de marzo de 2016.”

A xunta de goberno ,por unanimidade , acorda, en base ao informe emitido pola arquitecta municipal denegar a devolución do aval ata que se presente no concello o certificado final de obra e se efectúa a cesión ó concello dos terreos para incorporar ó vial público.

-Escrito de don Manuel Fernández Carballido, en representación de Frigoríficos Fercon SL, con rexistro de entrada no concello 2020 -E-RE-38, no que expón:

Que , el corte de suministro de agua que se produxo , los días 24 y 25 del pasado mes de septiembre de 2019, como consecuencia de una avería ocasionada por la pérdida de presión que padeció la canalización de agua que transcurre y da servicio a la zona del parque empresarial de

San Cristovo ( estrada de Carballiño ) , vino a producir graves danos en las turbinas verticales de las bombas de acceso de agua a la nave de su propiedad, por lo cual, tras haber realizado la correspondiente reclamación a la concesionaria de tal servicio, la entidad mercantil FCC AQUALIA SL , esta ha rechazado la misma alegando haber cumplido con determinadas obligaciones de comunicación que vienen determinadas en el Pliego de Condiciones de la propia concesión de este servicio público.

Solicita:

Que , en consecuencia , viene a solicitar le informe de la fecha y el contenido de las comunicaciones oficiales que dicha concesionaria FCC AQUALIA SA llevó a cabo ese ILMO Concello en relación con la citada avería y corte de suministro , y al mismo tiempo, se le expida una copia del pliego de condiciones que rige la precitada concesión administrativa del servicio de aguas del municipio , y ello con la finalidad de analizar si se emprenden acciones legales contra dicha compañía y su Aseguradora por los danos y perjuicios que se le han causado a mi representada, Frigoríficos Fercon SL.

A xunta de goberno acorda remitir a documentación obrante no concello.

-Escrito de dona Ana Rodríguez Paseiro, con número de rexistro de entrada no concello 829 de 14 de febreiro de 2020 , no que expón:

Neste nadal, un dos camiños do pobo , que unen a parte de arriba coa de abaixo sufriu un desprendemento provocando que se cortase o camiño. Este camiño é un dos mais transitados ademais de nos por a xente que acude ás termas.

E solicita:

-Que se arranxe o camiño.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e que se tentará resolver na medida do posible.

-Escrito de dona Ana Rodríguez Paseiro, con número de rexistro de entrada no concello 831 de 14 de febreiro de 2020 , solicitando máis puntos de reciclaxe de plástico, vidro e papel no pobo de Prexigueiro.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e que se procederá na medida do posible.

-Escrito de dona Ana Rodríguez Paseiro, con número de rexistro de entrada no concello 832 de 14 de febreiro de 2020 , no que solicita:

-Saber o motivo polo que o concello de Ribadavia non se inscribiu na iniciativa “ En negro contra as violencias”

- A inscrición do concello na campaña “ En negro contra a violencia de xénero”
- Saber cal é a partida presupuestaria que se adica no concello en axuda ou accións contra a violencia de xénero.

A xunta de goberno acorda comunicar que non se produxo esa inscrición porque xa se desenrolan numerosas actuacións por parte do concello nese eido; e que o orzamento municipal en trámite contempla unha partida orzamentaria xenérica de 32.000 euros, dentro da cal figura a violencia de xénero.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez, concelleira do grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada no concello número 803 de 12 de febreiro de 2020 no que expón:

Preto da súa desembocadura no Avia, no curso baixo do regato central de Santo André, nos términos de Rubinas-Veiga do Monte, o cauce está cheo de terra e vexetación polo que as augas están a rebordar e asolagar as fincas colindantes, algunhas delas viñas cultivadas.

Acompáñanse plano e imaxes explicativas.

Solicita:

Se limpie o cauce tal e como ocorre noutros tramos do regato onde os veciños manteñen o cauce despexado e as augas discorren sen ocasionar problemas.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e dar traslado á Confederación Hidrográfica Miño Sil.

Escrito de dona Manuela Pereiras en representación dos veciños de Ventosela, con rexistro de entrada no concello de 13 de febreiro de 2020, solicitando o arreglo do camiño público que pase entre as casas de don César Gómez e don Emilio Deaño, en Ventosela, que se atopa en moi mal estado e é moi usado polos veciños para pasar ós montes e as súas fincas.

A xunta de goberno acorda comunicar que na medida do posible se arreglará o camiño.

-Escrito da Asociación Española contra o cancro, solicitando unha reunión co alcalde.

A xunta de goberno acorda comunicar que o alcalde queda a súa disposición para celebrar a reunión solicitada.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Escrito da Deputación Provincial de Ourense , con rexistro de entrada no concello número 839 de 17 de febreiro de 2020, no que se dice:

Con data 8 de xaneiro , o Deputado Provincial do Grupo Socialista , D José Ignacio Gómez Pérez , solicitou información sobre os traballos realizados pola Deputación “ na reparación das Ribeiras do Avia e do Miño o seu paso polo concello de Ribadavia”  
Con data 23 de xaneiro foille remitido ao citado Deputado informe do xefe do Parque Móbil e Maquinaria.

Con data 11 de febreiro de 2020, o Deputado Provincial do Grupo Socialista, D José Ignacio Gómez Pérez, reitera expresamente petición da “ copia do permiso da Confederación Hidrográfica do Miño” aludindo a que na solicitude por parte do concello declarase expresamente no punto 1 que dispón de todas as autorizacións , licenzas e/ou permisos necesarios para a execución das obras.

Achégolle copia das solicitudes e prégolle que no prazo máis breve posible faga chegar a este departamento resposta á solicitude de data 11 de febreiro de 2020.

A xunta de goberno acorda comunicar que a Confederación Hidrográfica Miño Sil ten ditado a Instrucción 3/2019 , según a cual hai unha serie de actuacións, entre elas, o mantemento de infraestruturas existentes, que non precisan permiso da Confederación Hidrográfica; dado que no presente caso o camiño xa existía , resulta claro que a actuación non precisa permiso da Confederación Hidrográfica Miño Sil.

Escrito da Presidencia da Confederación Hidrográfica Miño Sil comunicando a “ consulta pública de la revisión y actualización de los mapas de peligrosidad y riesgo de inundación (2º ciclo) de la demarcación hidrográfica Miño Sil.

Escrito da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunicando que para o incremento transitorio do cadro de policía mediante a contratación de persoal auxiliar para a cobertura de dúas prazas e por un periodo de catro meses non precisa de autorización ao non superar a limitación sinalada no artigo 95.1 da Lei 4/2007 de coordinación de policías locais de Galicia.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e ao abeiro do artigo 19 do Decreto 115/2017 polo que se regula a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección de membros dos corpos da policía local solicitar da Academia Galega de Seguridade a contratación de dous auxiliares da policía local.

-Escrito da Deputación Provincial comunicando a resolución da presidencia da Deputación concedendo á Asociación Musical CLK Charanga unha subvención por importe de 250 euros para a realización dunha actuación.

-Escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo ,en relación á denominada Granxa de Outeiro en Francelos, que o concello de Ribadavia ademais de cumprir coa obriga de comunicar o mal estado do ben en cuestión, tamén debe acometer as actuacións que son da súa competencia e que lle impón a Lei 2/2016 do solo de Galicia.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M. -**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2020 por importe de 229.938,39 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 1 de Marzo e o 30 de Abril de 2020.”

### **APROBACION DE PREZO PUBLICO.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes acorda:

1.- Fixar o prezo público dun xantar popular de Entroido, que se celebrará o vindeiro 25 de febreiro de 2020 as 14:30 na Alameda de Ribadavia, do seguinte xeito:

Adultos: 15 euros.

Nenos/as (ata 16 anos): 10 euros.

2.- Darlle publicidade a este acordo mediante anuncio na paxina web do Concello e no taboleiro de edictos do concello.

## **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

Vista a Orde de 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020, a Xunta de Goberno Local acorda :

1.-Constituir unha agrupación cos concellos de Carballeda de Avia e Castrelo do Miño aos efectos de solicitar unha subvención ao abeiro da citada Orde, e nomear como representante da agrupación ao concello de Ribadavia.

2.- Aprobar o proxecto denominado: “ Ribeiro Turismo e Agro”.

3.- Solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a execución de dito proxecto, para 20 alumnos.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Club Ciclista Raiders do Ribeiro, para a organización da 4ª ruta BBT do Ribeiro-Ribadavia.

### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.-

E sendo as catorce horas e oito minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.